



-ANUNCIO DE LICITACIÓN- **(Expediente C/03/2014)**


Pola Alcaldía do Concello de A Cañiza (Pontevedra), procedeuse á aprobación, mediante resolución de data 15.05.2014, do *expediente de contratación (C/04/2013) do contrato administrativo especial para a xestión da cafetería na Tasca da Carballeira (A Cañiza)*.

Por medio do presente anunciase a licitación do mesmo, conforme as seguintes características:

1. ENTIDADE ADXUDICATARIA: Concello da Cañiza (Pontevedra), Rúa Oriente, 11, 36880, A Cañiza. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
2. OBXECTO: Contrato administrativo especial para a xestión da cafetería no espazo municipal denominado *Tasca da Carballeira*.
3. TRAMITACIÓN: Urxente e por procedemento negociado (publicidade no perfil do contratante).
4. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN: Concello da Cañiza (Pontevedra). Teléfonos: 986 651 000/ 986 651 001. www.caniza.org – *Perfil do contratante*.
5. REQUISITOS XERAIS DA CONTRATACIÓN: Prego de cláusulas administrativas particulares.
6. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS: No Rexistro do Concello, de luns a sábado, desde as nove ás catorce horas (o sábado en horario de dez a trece horas), durante o prazo de dez (10) días naturais a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no perfil do contratante desta administración.

A Cañiza, 15 de maio do 2014.

O Alcalde,



Asdo. Miguel A. Domínguez Alfonso.



▪ **Ref.: C/03/2014.**

-PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL CONSISTENTE NA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA TASCADA CARBALLEIRA DO CONCELLO DE A CAÑIZA (PONTEVEDRA)-

Artigo 1º.- Obxecto do contrato.

O presente prego ten por obxecto regular, como lei fundamental do contrato, as condicións da contratación da explotación da cafetería do espazo denominado Tasca da Carballeira (A Cañiza).

A prestación do servizo axustarase ás condicións indicadas neste Prego e no de prescricións técnicas, que forman parte integrante do mesmo.

Este contrato ten carácter administrativo especial e rexeráse polo establecido neste Prego de cláusulas económico-administrativas particulares (que segundo reiterada xurisprudencia constitúe a auténtica lei do contrato) e, en todo o que non estea previsto nel expresamente, rexeráse polo disposto no *Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP)*, no *Real Decreto 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas* e na lexislación aplicable de réxime local.



Artigo 2º.- Presuposto do contrato e financiamento. Duración.

Dada a escasa rendabilidade do mantemento deste servizo e o curto periodo do prazo da concesión non se establece canon ningún ao pagar ao Concello, con excepción do que o licitador oferte como un dos criterios obxectivos da adxudicación.

A **duración** do contrato establécese durante as datas do 01.06.2014 ao 30.09.2014, ámbolas dúas datas inclusives. En todo caso suspenderase a prestación do servizo durante as datas da Festa do Xamón (datas a determinar polo concello, en torno ao 15 de agosto e un máximo de cinco días), e naquelas outras que o concello determine para a realización de actividades municipais que así o requiran, debendo o contratista deixar o local para que sexa empregado polos servizos municipais.

Artigo 3º.- Capacidade para contratar.

Poderá contratar co Concello da Cañiza toda persoa natural ou xurídica, española ou estranxeira, que teña plena capacidade de obrar segundo o disposto nos *artigos 54 ao 59 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o acredite segundo o previsto no artigo 72 do mesmo*, e



non estea incurso en ningunha das circunstancias prohibitivas para contratar sinaladas no *artigo 60 Real Decreto Lexislativo 3/2011*.

Artigo 4º.- Garantía provisional.

Non se esixe, de acordo co sinalado no *artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público*.

Artigo 5º.- Presentación de proposicións: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

5.1 Lugar e prazo de presentación.

A adxudicación do presente contrato realizarase co máximo respecto aos principios de liberdade de concorrencia e publicidade, adxudicándose o contrato ao licitador que presente a oferta máis ventaxosa.

As propostas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Rúa Oriente, 11, 36880, A Cañiza – Pontevedra) en horario de 09:00 a 14:00 horas durante o prazo indicado no anuncio de licitación (10 días naturais senón se prevé o contrario), que se publicará en cumprimento do sinalado no *artigo 93 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas*.

As ofertas poderán tamén presentarse por correo en idéntico prazo e condicións. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou telefax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de ofertas. Transcorridos, emporiso, dez días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso. Se o último día do prazo que se establece coincide con domingo ou festivo, automaticamente entenderase que o último día do prazo cumprírase ao inmediato día hábil posterior.

5.2 Documentación.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposta que será presentada nun sobre, pechado e asinado polo licitador, no que se indicará o nome ou razón social do participante, e o título do obxecto da contratación coa seguinte inscrición: PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CAFETERIA DA TASCA DA CARBALLEIRA DE A CAÑIZA.

O **Sobre A** subtitúlase **DOCUMENTACIÓN XERAL**, e conterá os seguintes documentos:



- a) Copia autenticada do DNI (persoas físicas ou empresarios individuais), escritura de constitución/modificación da sociedade mercantil inscrita no Rexistro Mercantil (persoas xurídicas).
- b) Copia autenticada do Código de Identificación Fiscal.
- c) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición ningunha para contratar das sinaladas no *artigo 60 do T.R.L.C.S.P.*, que comprenderá expresamente a circunstancia de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Para o caso de UTE deberá cumprimentarse o disposto nos *artigos 59 do T.R.L.C.S.P* e *24 do RXLCAP*.

O **Sobre B**, que conterá o **MODELO DE PROPOSICIÓN**, de acordo co seguinte modelo:

D., con domicilio en e con NIF, enterado do expediente de contratación do servizo para a xestión da cafetería da Tasca de Carballeira da Cañiza (Pontevedra), así como das condicións e requisitos que se esixen para a súa adxudicación, comprométese a ser o adxudicatario, polo prazo e cos dereitos e obrigas indicados no Prego de cláusulas administrativas e con suxección estricta ao mesmo, de acordo coa seguinte proposta:



- €/ano de canon ao Concello da Cañiza.
- Compromiso de suscripción dun seguro de R.C. durante a vixencia do contrato cunha cobertura de € (mínimo 50.000,00 €).
- *Limpeza e adecuación das instalacións, (neste suposto debe presentarse unha breve memoria con descrición das tarefas de limpeza e adecuación que se realizarán e con xustificación do persoal que desenvolverá as tarefas expresadas).*

....., de..... de.....
Sinatura do licitador,

Artigo 6º.- Criterios de valoración das ofertas.

Os criterios que servirán para a adxudicación, e que deberán ser acreditados documentalmente no Sobre B serán os seguintes:

- 1- Canon anual a pagar ao Concello de A Cañiza, ata 20 puntos (1 punto por cada 10 euros de canon).
- 2- Importe da cobertura do seguro de RC durante a vixencia do contrato, ata 5 puntos (1 punto por cada 10.000,00 euros de cobertura a maiores por enriba dos 50.000,00 que se esixen como mínimo).
- 3- Limpeza das instalacións, ata 10 puntos por facerse cargo da limpeza e adecuación do referido espazo para a prestación do servizo de cafetería. Só se valorará se a memoria presentada se considera suficiente, a xuízo do órgano de contratación.



Artigo 7º.- O órgano de contratación.

O órgano de contratación será a Alcaldía de conformidade co preceptuado na lexislación vixente (D.A.2ª TRLCSP).

Artigo 8º.- Garantía definitiva.

1. De acordo co preceptuado no *artigo 95 do T.R.L.C.S.P.* e considerando que se trata da ocupación durante un certo tempo dun inmobile municipal establécese unha garantía definitiva a presentar polo contratista por importe de douscentos euros (200,00 €).

2. Esta cantidade que deberá ser prestada dalgún xeito dos establecidos na normativa de contratación, será devolta ao contratista ao remate da prestación do contrato e logo da oportuna comprobación do inmobile e demais elementos municipais empregados para a execución do contrato (prazo máximo de un mes desde a finalización do contrato).

3. Se procese a incautación dalgunha contía seguirase o expediente establecido pola lexislación contractual antedita.

Artigo 9º.- Anuncio e perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen perxuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso a través da páxina web municipal www.caniza.org.



Artigo 10º.- Apertura de sobres e mesa de contratación.

1. A apertura dos sobres terá lugar dentro dos dez (10) días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación de proposicións.

2. Poderase prescindir da constitución da Mesa de contratación en aqueles procedementos negociados sen publicidade que non precisen anuncio de licitación por non superar a contía do seu valor estimado a establecida no artigo 177.2 do T.R.L.C.S.P..

3. Se fose preceptiva a súa constitución ou de non selo, se decidise a súa constitución polo órgano de contratación, a Mesa estará Presidida polo Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue. Como vogais actuarán o/a Secretario/a Xeral, o/a Interventor/a Xeral, o/a Técnico/a municipal e un concelleiro/a designado pola alcaldía. Actuará como secretario/a da Mesa un funcionario/a do concello, igualmente designado pola alcaldía.



Artigo 11º.- Clasificación das ofertas e adxudicación.

1. O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no Prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. Cuando o único criterio a considerar sexa el prezo, entenderase que a oferta economicamente máis ventaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

2. O órgano de contratación requirirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis ventaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que teña recibido o requerimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo, de dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituido a garantía definitiva, se procedese.

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire o apartado segundo deste artigo. A adxudicación acordarase polo órgano de Contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

4. Notificarase e publicarase nos termos sinalados no artigo 151 do TRLCSP.

Artigo 12º.- Formalización do contrato.

1. O contrato formalizarase en documento administrativo nos termos indicados no artigo 156 do TRLCSP e en todo respectando os prazos alí establecidos (non máis de quince días hábiles), constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público e formando parte do mesmo a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescripcions técnicas.

2. O contratista poderá solicitar que o contrato elévese a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Artigo 13º.- Obrigas do contratista.

- a) explotar a concesión unha vez adxudicada, poñendo para iso en funcionamento os locais e instalacións durante o prazo de duración do contrato.





- b) o servizo explotarase polo concesionario durante o prazo de duración da concesión, sendo da súa conta os gastos que orixine en xeral o funcionamento del, con excepción dos gastos de auga e luz que corren a cargo do concello, sempre que non supoñan un gasto anormal ou inxustificado.
- c) conservar as construcións e instalacións e equipamentos e mantelas en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene ata que, por conclusión da concesión, deban entregarse, con todo o mobiliario e instalacións que sexan inherentes e necesarias a este, para a súa adecuada prestación.
Deberanse manter perfectamente limpas as instalacións, correndo pola súa conta os gastos que ocasione.
- d) admitir a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios ao uso do servizo.
- e) responder a terceiros dos danos que poidan irrogarse polo funcionamento do servizo concedido.
- f) non allear, nin gravar, sen autorización do concello bens ou instalacións que deban reverter á corporación que concede, exercendo en todo caso por si a concesión, non podendo cedela, gravala, transmitila, subarrendala en todo ou en parte, nin aínda a título gratuito, sen a anuencia expresa da corporación.
- g) pagar o correspondente canon establecido pola corporación, como contraprestación pola xestión e explotación do servizo de cafetería, establecéndose como prazo o primeiro mes de execución do contrato.
- h) proverse de tódolos permisos e licenzas que sexan necesarios para o exercicio da actividade e a súas expensas.
- i) contar con persoal suficiente segundo o criterio do propio adxudicatario. Todo o persoal que o concesionario contrate para a prestación dos servizos obxecto deste contrato terá dependencia laboral deste, sen que por ningunha causa, incluso a de despido, poida pasar dito persoal a dependencia do concello, non intervindo este, baixo ningunha forma, nas relacións laborais que poidan existir entre o concesionario e o seu persoal, salvo o disposto no presente prego.

O contratista estará obrigado a afiliarse á Seguridade Social a todo o persoal ás súas ordes, na forma prevista polas leis e demais disposicións en vigor.

O adxudicatario responsabilizarase do aseo e decoro do persoal ao seu cargo que vaia a ter relación co público, de que actúe coa debida cortesía e corrección no seu trato con este.

- j) cumprimento da lexislación sanitaria vixente en materia alimentaria, e en concreto o RD 2207/1995, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas os produtos alimentarios, así como o RD 202/2000, de 11 de febreiro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas ós manipuladores de alimentos.
- k) aboar pola súa conta os tributos que graven a actividade así como os custos de Seguridade Social. O concesionario deberá darse de alta no réxime correspondente da Seguridade Social se non o estivera, así como no I.A.E., co epígrafe que o faculte para exercer a actividade.
- l) dentro do local destinado á cafetería dispoñeranse nun lugar visible e de forma lexible tres cartóns indicativos da existencia de follas de reclamación. Do





mesmo xeito, un detalle das tarifas deberá estar a vista do público de conformidade coas normas en vigor.

- m) as demais contempladas no RSCL, e na normativa aplicable sobre seguridade e hixiene no traballo así como na normativa laboral e sobre traballadores autónomos e que non constasen expresamente nesta relación.

Artigo 14º.- Dereitos do contratista.

- a) utilizar os bens de dominio público necesarios para a explotación do servizo.
- b) percibir as retribucións correspondentes pola explotación deste.
- c) revisar as tarifas cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles motivaran, en calquera sentido, a ruptura do equilibrio económico da concesión, coa limitación cuantitativa establecida legalmente.
- d) posibilidade de facer reformas nas instalacións da cafetería por conta do concesionario pero previa autorización do Concello, e previa solicitude das licenzas oportunas. Estas reformas revertirán á fin do contrato en propiedade do Concello.
- e) os demais contemplados no RSCL.



Artigo 15º.- Tarifas.

As tarifas que o concesionario percibirá do público, con descomposición dos seus elementos conformadores, con vistas a futuras revisións, serán as máximas autorizadas legalmente.

Estas tarifas, serán revisadas polo órgano competente de hostalería, e comunicadas ao Concello, incluídas as posibles modificacións das mesmas.

Artigo 16º.- Revisión de prezos.

Dada a duración e natureza do contrato non será aplicable a revisión de prezos, conforme aos *artigos 89 e seguintes do T.R.L.C.S.P.*

Artigo 17º.- Outras obrigas do contratista.

Deberá axustarse á diferente normativa que rexa a prestación do servizo, así como as relacións laborais dentro da súa empresa, expresamente sinálase o seu sometemento á regulación vixente sobre prevención de riscos laborais, seguridade e saúde no traballo, obrigas salariais e coa seguridade social.



Artigo 18º.- Submisión á lexislación de contratos.

Someteranse expresamente as partes nesta contratación ao disposto no presente prego así coma ao previsto no Prego de Prescricións Técnicas particulares, á lexislación de contratos administrativos e demais normas de contratación aplicables.

Artigo 19º.- Xurisdicción competente.

Tódalas incidencias que xurdan sobre interpretación, cumprimento e execución do contrato, someteranse á resolución dos Tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Artigo 20º.- Modificacións contratuais.

Non se prevé.

Artigo 21º.- Resolución do contrato.

Serán causas de resolución do contrato as establecidas nos *artigo 223 e 308 do T.R.L.C.S.P.* cos efectos sinalados nos *artigos 225 e 309 do T.R.L.C.S.P.* e *109 a 113 do R.LCAP.*



Artigo 22º.- Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxección aos requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

Artigo 23.- Xurisdicción competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, ao abeiro do disposto na Lei reguladora desta xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos *artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.*



ANEXO – CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

▪ Ref.: C/03/2014.

Nº	CONCEPTO	DENOMINACIÓN
1	CLASIFICACIÓN DO CONTRATO	ADMINISTRATIVO ESPECIAL
2	OBXECTO	SERVIZO DE CAFETERÍA NA TASCA DA CARBALLEIRA DE A CAÑIZA
3	ORZAMENTO LICITACIÓN	A OFERTAR POLOS LICITADORES
4	DURACIÓN	DO 01.06.2014 AO 31.09.2014
5	CLASIFICACIÓN	NON SE ESIXE
6	PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN	NEGOCIADO – PUBLICIDADE NO PERFIL DO CONTRATANTE
7	LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	REXISTRO XERAL DO CONCELLO DA CAÑIZA (PONTEVEDRA) – RÚA ORIENTE, Nº 11, 36880 – A CAÑIZA
8	PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	DEZ (10) DIAS NATURAIS DESDE A PUBLICACIÓN DE ANUNCIO NO PERFIL DO CONTRATANTE
9	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ARTIGO 6 DO PCAP
11	GARANTÍA PROVISIONAL	NON SE ESIXE
12	GARANTÍA DEFINITIVA	DOUSCENTOS EUROS (200,00 €)
13	GASTOS DE PUBLICIDADE	NON PROCEDE
14	REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE
15	OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN	TLF: 986 65 10 00 FAX: 986 65 11 90 PERFIL DO CONTRATANTE: www.caniza.org E-MAIL: secretaria@caniza.org

A Cañiza, 7 de maio de 2014.

O Alcalde,

Asdo.: Miguel A. Domínguez Alfonso.

